

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 31 DE XULLO DE 2020

Ás 11:00 horas do día 31 de xullo de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 28 de xullo de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a Dolores Bernardez Fernández, vogal suplente do xefe de servizos de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 2)
D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, vogal suplente da xefa de servizo de Educación (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a Luz María González Domínguez, a xefa da unidade administrativa de Alcaldía (asiste ao punto 3)
D. Oscar Couce Senra xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 5 e 6)
D^a Mar Soto García, vogal suplente da xefa de servizo de Igualdade (asiste ao punto 11)
D. José Ángel Lago o técnico de xestión de expedientes do Servizo de Festas (asiste ao punto 2)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación
D^a María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

Dáse conta da resolución nº 106/2020 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), pola que se desestima o recurso nº 90/2020, interposto por ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURA VERDE (ASEJA), contra o anuncio e os pregos desta contratación. A Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 30 de xullo de 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACCIONA-MANTEN
2. ALFONSO BENITEZ, S.A.
3. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES S.L. (válida oferta 17.06.20)
4. GRUPORAGA, S.A.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. UTE OHL SERVICIOS INGESAN SA E INGESER ATLANTICA SL.:

o Deberá cumprimentar a parte III.C " *Motivos de exclusión*" do DEUC presentado por OHL SERVIZOS INGESAN SA:

- Respostando negativamente a pregunta " Participación, directa o indirecta, en la preparación del presente procedimiento de contratación"

- Respostando negativamente a pregunta : Rescisión anticipada, imposición de danos y perjuicios u otras sanciones comparables

b) Procedemento aberto do servizo de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV)(24177-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12650-111)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN (lote 2)
2. GARRIDO PROCURADOR & ASOCIADOS, S.L.P. (lote 2)
3. MARÍA JESÚS NOGUEIRA FOS (lote 1)
4. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA (lotes 1, 2 e 3)
5. PAULA LLORDÉN FERNÁNDEZ CERVERA (non indica lote/s)

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. JESÚS ANTONIO GONZÁLEZ PUELLES CASAL (lote 1): Deberá presentar un novo DEUC no que cumprimente a parte III "Motivos de exclusión" e a parte IV "Criterios de selección".
2. MARÍA DEL MAR DE VILLA, S.L.: Deberá presentar a documentación esixida na cláusula 14.2A) do PCAP (DEUC debidamente cumprimentado e no que indique o lote ou lotes aos que concorre e anexo I ao PCAP).
3. PAULA LLORDÉN FERNÁNDEZ CERVERA: deberá indicar o lote ou lotes aos que concorre.

d) Procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no "ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo" (8507-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, concretamente, deberá aclarar se concorre ou non a esta licitación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZRUW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

con solvencia de terceiros.

No DEUC presentado declara que non concorre con solvencia de terceiros se ben presenta o anexo III "Declaración de posta a disposición de medios por un terceiro" ao PCAP indicando que porá a disposición da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo os seguintes medios externos: bandas de música, instrumentos e produción.

Cómpre informarlle que este anexo está previsto para os supostos nos que un licitador concorre coa solvencia dun terceiro, en cuxo caso o terceiro debería cumprimentar o citado anexo poñendo a súa solvencia a favor do licitador, non da Xunta de Goberno local.

En consecuencia, se efectivamente o licitador concorre con solvencia dun terceiro deberá presentarse o DEUC asinado dixitalmente polo terceiro e o DEUC do licitador no que indique que si participa con solvencia dun terceiro nesta licitación (parte II, punto C "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?", xunto co anexo III ao PCAP debidamente cumprimentado.

Se o licitador non concorre con solvencia dun terceiro deberá presentar un escrito onde indique esta circunstancia.

Lémbrese que de non emendarse a documentación, no caso de resultar clasificado neste procedemento, non poderá acreditar a solvencia a través dun terceiro.

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 24 de xullo de 2020 concedeuse un prazo de tres días a DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O anterior licitador presentou a documentación requirida en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos
- Solicitar informe ao servizo xestor en relación coas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor abertas na sesión do 24 de xullo de 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZRUW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (expediente 12853-446)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto do servizo de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV)(24177-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Acordo marco para a contratación polo concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12650-111)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a tres dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (495-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo polo comité de expertos composto pola enxeñeira industrial do Servizo de Electromecánicos, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e a xefa da Inspección de Tributos o 28 de xullo de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no "ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo" (8507-335)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo ao licitador para que poida emendar a documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (495-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo Total
1	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	77.812,21
2	G.O.C., S.A.	77.561,00
3	GALAICONTROL, S.L.	86.627,18
4	GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.	88.389,41
5	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	79.950,75
6	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	81.638,00
7	NOEGA INGENIEROS, S.L.	90.512,11
8	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES S.L.	76.109,00

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. ALFREDO DOMÍNGUEZ BUENO con DNI **.96.03*, en representación de G.O.C., S.A.; D^a. María Begoña Fernández-Tafall Salgado con DNI **.99.26*, en representación de ICEACSA Consultores, S.L.U.; e D. Emilio Otero Martínez, con DNI **.74.32*, en representación de GALAICONTROL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia-SADI- (10126-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el/eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

""1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI).

2º.- Autorizar o gasto de 360.390,32 € para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia, que se imputará con cargo á partida presupostaria "sadi kanguros" 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2020, 2021 e 2022, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 75.081,32 €, no exercicio 2021 imputarase 180.195,16 € e no exercicio 2022 imputarase 105.113,84 €, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia de data 19.06.2020, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 12.06.2020.""

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de xullo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

""Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	99 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, *ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS*, o día 23 de xullo de 2020, que presenta a documentación requirida o 28 de xullo de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar *ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS*,, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS*, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e acordo de clasificación da Mesa de Contratación de 22 de xullo de 2020 no que se outorga a máxima puntuación ao único licitador admitido (cláusula 16.3 do PCAP)

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Adxudicar a ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336) o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224) por un prezo total do contrato é de 360.390,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.762,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VI PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 9 de marzo de 2020.

3º.- Autorizar o gasto de DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL OITOCENTOS VINTESEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS 259.826,50 € (con IVE) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de xullo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,22
2	ORECO, S.A.	96,11
3	GROMA OBRAS, S.L.	87,81
4	LAPATIAN, S.L.	79,54

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 222 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 23 de xullo de 2020, que presenta a documentación requirida o 29 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZRUW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 16 de xullo de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307) por un prezo total de 210.459,46 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.526,02 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:04	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A347-C7D8BF-E3BF2B-KZR UW6-U6TWAA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		